

# **PROGRAMACIÓN DE GREGO**



**CURSO 2021-22**

**Ies Arcebispo Xelmírez II**

O departamento de Grego está composto pola xefa do departamento de Latín D<sup>a</sup> Susana Fernández Rodríguez que imparte docencia en 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> de bacharelato, un total de oito horas, así como a materia de Latín en 4<sup>o</sup> ESO e 1<sup>o</sup> e 2<sup>o</sup> bacharelato, once horas, e polo profesor do departamento de Xeografía e Historia D. Antón Vázquez Escudero que imparte a materia de Cultura Clásica como afín. Este curso produciuse un lixeiro incremento de alumnado en 1<sup>o</sup> de bacharelato en relación co curso pasado. Aínda así e un número moi reducido tendo en conta a cantidade de alumnado do centro.

Lamentamos profundamente non poder dispoñer, tras máis de dez anos empregándoo como principal ferramenta de traballo, dun encerado dixital que nos permitiría avanzar a un ritmo máis rápido, algo tan importante na situación actual. Esta carencia provocará un retraso inevitable á hora de intentar abordar a maior cantidade posible de contidos non impartidos o curso pasado e os correspondentes ao presente.

## **GREGO 1<sup>o</sup> BACHARELATO**

### **INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

O estudo das linguas clásicas, o latín e o grego proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeñan, pois, un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Xa que logo, é esencial a incorporación das linguas clásicas ao currículo integrado das linguas, para reforzar a reflexión lingüística do noso alumnado e fortalecer o seu acceso á cultura literaria.

Para a posta en práctica de currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado deberá potenciar unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, ou asegurar accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades

lingüísticas. Así, achegan as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. Eses coñecementos, que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por unha banda, e de comprensión e expresión escrita por outra, constitúen instrumentos esenciais para a aprendizaxe no ámbito educativo e, posteriormente, ao longo da vida.

A reflexión literaria, presente nun bloque de contidos nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos/das estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfrónaos/as con situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles/as mesmos/as.

En definitiva, estas materias lingüísticas perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos cales chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia coma doutras lingua estudadas polo alumnado.

## **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

As competencias do currículo establecidas pola normativa básica para o noso sistema educativo son:

- ◆ Comunicación lingüística.

- ◆ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- ◆ Competencia dixital.
- ◆ Aprender a aprender.
- ◆ Competencias sociais e cívicas.
- ◆ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- ◆ Conciencia e expresións culturais.

Non se pode establecer unha relación exclusiva entre materias e competencias, dito doutra forma, a relación entre competencias e materias é transversal, é dicir, ao desenvolvemento dunha competencia contribúese desde todas as materias en maior ou menor medida e, en consecuencia, desde unha materia contribúese ao desenvolvemento de todas as competencias, igualmente, en maior ou menor medida.

Así pois, na aprendizaxe por competencias, a materia de Grego desempeña un papel esencial xunto ás demais materias que cursa o alumno. Por outra banda, é evidente que a materia de Grego contribuirá en maior medida ao desenvolvemento de determinadas competencias, polo que é preciso sinalar en que aspectos contribúe o Grego a ese desenvolvemento en cada competencia. Referiremos pois esta contribución aquí de forma xeral, de modo que será na análise dos contidos da materia Grego I e na programación de aula onde de forma específica se desenvolverá a aprendizaxe por competencias.

### **Competencia en comunicación lingüística**

A competencia en comunicación lingüística debemos vinculala coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. Ao desenvolvemento da mesma, a materia de Grego contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos que cursaron a materia adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, todo iso desde unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e a creación de distintos tipos de mensaxes. A nosa materia achégalle ao desenvolvemento desta competencia, entre outras contribucións:

- Acceso a textos literarios traducidos como fonte de aprendizaxe e goce.
- Comprensión do compoñente lingüístico da propia lingua e de linguas estranxeiras.
- Comprensión e expresión correcta de textos diversos que permiten unha mellor interacción social.
- Contextualización do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades.
- Desenvolvemento de distintos rexistros lingüísticos e a súa correcta aplicación.
- Desenvolvemento da capacidade crítica ante a mensaxe e o seu contido.

- Facilitade para a aprendizaxe de linguas estranxeiras e a comunicación oral e escrita nas mesmas.
- Fomento da capacidade creativa lingüística.
- Mellora na comprensión e emisión de mensaxes orais e escritas.
- Mellora na motivación da aprendizaxe a partir de melloras na comprensión e expresión lingüística.
- Preparación para un mellor acceso a diferentes culturas e, en consecuencia, a unha mellor comprensión da diversidade cultural do mundo actual.
- Preparación para un mellor acceso ao coñecemento mediante a lectura de textos orixinais.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

A contribución da materia de Grego a esta competencia céntrase en especial en desenvolver aspectos esenciais da formación dos alumnos, como son:

- Desenvolvemento da capacidade crítica e análise razoada de problemas e situacións.
- Capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir e interpretar fenómenos, feitos e situacións en distintos contextos.
- Desenvolvemento de destrezas para a emisión de xuízos razoables e argumentados fundados nos datos que se manexan.
- Fomento de valores relacionados co rigor argumental, a veracidade e a responsabilidade dos xuízos e as conclusións emitidos.
- Desenvolvemento de aspectos de cuantificación de obxectos, relacións e situacións.
- Análise de espazo e forma mediante a interpretación de patróns, elaboración e lectura de mapas, interpretación de obxectos, etc.
- Interpretación de relacións temporais de obxectos e circunstancias.
- Desenvolvemento do pensamento científico mediante a aplicación de métodos propios da disciplina.
- Promoción da investigación científica e achegamento aos métodos que lle son propios.
- Desenvolvemento de xuízos críticos sobre o desenvolvemento científico e tecnolóxico ao longo da historia.
- Fomento de destrezas no uso das tecnoloxías.
- Capacidade de transmisión adecuada dos coñecementos mediante o uso correcto da linguaxe propia da materia.

## **Competencia dixital**

Na materia de Grego que se imparte no momento actual, a contribución á competencia dixital é inherente á aprendizaxe da mesma, por canto o emprego das tecnoloxías dixitais convértese nun instrumento imprescindible no proceso de ensino-aprendizaxe da materia. Todo iso coa premisa da súa utilización creativa e crítica. Desta forma, a utilización das tecnoloxías dixitais na materia tradúcese nunha contribución clara ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento e emprego das principais aplicacións informáticas relacionadas co acceso á información, a súa elaboración e emprego para a comunicación, así como a creación de contidos.
- Fomento do traballo colaborativo.
- Localización de información mediante motores de procura.
- Análise e interpretación crítica da información obtida mediante as tecnoloxías dixitais.
- Capacidade de transformación da información obtida de fontes dixitais e a súa almacenaxe en formatos correctos.
- Creación de contidos en distintos formatos (imaxe, texto, audio, etc.).
- Acceso e contribución ao coñecemento de dominio (wiki).
- Presentación de contidos en formatos dixitais e correcta elección da aplicación máis adecuada en función do contido e o receptor da mensaxe.

## **Aprender a aprender**

A materia de Grego debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando o alumno na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo se sinta protagonista da súa aprendizaxe:

- Motivación por aprender.
- Organización e xestión da propia aprendizaxe.
- Coñecemento e autonomía no propio proceso de aprendizaxe.
- Xestión de tarefas: estratexias de planificación, elaboración, supervisión e resultados.
- Capacidade de aprendizaxe en grupo.

## **Competencias sociais e cívicas**

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade grega antiga supoñen unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Grecia lle ofrece ao alumno. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

- Capacidade para interpretar situacións e fenómenos sociais.
- Desenvolvemento de actitudes de respecto nas relacións sociais desde o coñecemento da súa diversidade histórica.
- Análise de situacións para a resolución de conflitos.
- Afianzamento de valores democráticos e de participación na sociedade.
- Contribución a mellora das institucións desde o coñecemento da súa historia.
- Conciencia de participación na sociedade actual desde o coñecemento da historia da organización do traballo e das relacións laborais.
- Desenvolvemento de actitudes pola igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, desde o estudo da súa evolución histórica.
- Comprensión da realidade socioeconómica e de identidade cultural das sociedades actuais desde unha perspectiva histórica e cultural.
- Aprendizaxe crítica de conceptos como cidadanía, Estado, democracia, xustiza e igualdade.
- Respecto reflexivo e crítico ante as diferenzas existentes entre diferentes sistemas de valores.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Temos que ter en conta que esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumno para transformar as súas ideas en actos. Ao desenvolvemento do proceso que implica esa transformación contribúe a materia de Grego mediante:

- Capacidade para pensar de forma creativa.
- Recoñecemento de actitudes emprendedoras en personaxes históricos.
- Fortalezas e debilidades de diferentes feitos históricos estudados (xestión de recursos, funcionamento de grupos humanos, valores, etc.).
- Capacidade de análise, planificación, organización e xestión de tarefas.
- Comunicación e presentación de proxectos.
- Capacidade de traballo individual e en grupo.
- Capacidade de autoavaliación.
- Desenvolvemento do criterio propio e autonomía na xestión da aprendizaxe para alcanzar os obxectivos planificados polo alumno.

## Conciencia e expresións culturais

O coñecemento e o achegamento á sociedade, á cultura, á literatura, á mitoloxía e á arte grega antiga contribúen de xeito especial ao desenvolvemento desta competencia:

- Coñecemento do legado cultural e artístico da Grecia antiga.
- Aprecio e valoración crítica das diferentes manifestacións culturais e artísticas.
- Análise do legado cultural e artístico da Grecia antiga como fundamento de cultura occidental.
- Contribución á capacidade de comprensión e expresión artística do alumno.
- Desenvolvemento do interese polas manifestacións culturais e artísticas.
- Coñecemento de autores, obras, xéneros e estilos das diversas manifestacións artísticas gregas e o seu influxo nas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia ata a cultura e a arte contemporánea.
- Desenvolvemento de valores relativos á conservación do patrimonio e aprecio pola herdanza cultural.

## Estándares de aprendizaxe

## C. clave

- |   |                 |
|---|-----------------|
| GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión. | ▪ CD<br>▪ CSC   |
| GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.             | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.               | ▪ CD<br>▪ CCL   |
| GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.   | ▪ CCL           |
| ▪ GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.                         | ▪ CCL           |
| GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona                              | ▪ CD            |



- de orixe e zonas de expansión. ▪ CCL
- GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno. ▪ CCL
- GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto. ▪ CCL
- GR1B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas. ▪ CCL
- GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega. ▪ CCL  
▪ CSC
- GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen uns doutros. ▪ CCL
- GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio. ▪ CCL
- GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas. ▪ CCL
- GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente. ▪ CCL
- GR1B2.4.1. Sitúa todos os fonemas da lingua grega no cadro clasificatorio dos fonemas e sabe describilos desde o punto e o modo de articulación. ▪ CCL
- GR1B2.5.1. Coñece as normas de transcrición e aplícaaas con corrección na transcrición de termos gregos ao galego e ao castelán. ▪ CCL
- GR1B2.6.1. Coñece o valor e colocación dos acentos, espíritos e demais signos diacríticos e de puntuación. ▪ CCL
- GR1B3.1.1. Distingue unha lingua flexiva doutra non flexiva. ▪ CCL
- GR1B3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica as características que

permiten identificalas e define criterios para clasificalas.

GR1B3.3.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes. ▪ CCL  
▪ CAA

GR1B3.4.1. Enuncia correctamente diversos tipos de palabras en grego, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación. ▪ CCL

GR1B3.5.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente. ▪ CCL

GR1B3.5.2. Analiza desde o punto de vista morfolóxico substantivos, adxectivos, determinantes e sintagmas de concordancia, e tradúceos correctamente ao galego e/ou ao castelán. ▪ CCL

GR1B3.6.1. Declina e/ou conxuga correctamente palabras propostas segundo a súa categoría, e explica e ilustra con exemplos as características que diferencian os conceptos de conxugación e declinación. ▪ CCL

▪ GR1B3.6.2. Clasifica verbos segundo o seu tema, e describe os trazos polos que se recoñecen os modelos de flexión verbal. ▪ CCL

▪ GR1B3.6.3. Explica o uso dos temas verbais gregos e identifica correctamente as formas derivadas de cada un deles. ▪ CCL

▪ GR1B3.6.4. Conxuga os tempos verbais en voz activa e medio pasiva, aplicando correctamente os paradigmas correspondentes. ▪ CCL

▪ GR1B3.6.5. Analiza morfoloxicamente e traduce ao galego e/ou ao castelán diferentes formas verbais gregas, e compara o seu uso en ambas as linguas. ▪ CCL

▪ GR1B3.6.6. Cambia de voz as formas verbais identificando e manexando con seguridade os formantes que expresan este accidente verbal. ▪ CCL

GR1B3.7.1. Distingue formas persoais e non persoais dos verbos, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para as clasificar. ▪ CCL

GR1B4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos sinxelos identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto. ▪ CCL

- GR1B4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal grega, explica as súas funcións dentro da oración e ilustra con exemplos a forma adecuada de traducilos. ▪ CCL
- GR1B4.3.1. Coñece e aplica a concordancia entre nomes e determinantes nominais, así como entre verbos e suxeitos. ▪ CCL
- GR1B4.4.1. Analiza correctamente casos e funcións para poder recoñecer cada elemento da oración. ▪ CCL
- GR1B4.5.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples, e identifica e explica en cada caso as súas características. ▪ CCL
- GR1B4.6.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferéncias con precisión das oracións simples e explica en cada caso as súas características. ▪ CCL
- GR1B4.7.1. Identifica as funcións das formas de infinitivo dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. ▪ CCL
- GR1B4.8.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de infinitivo concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. ▪ CCL
- GR1B4.9.1. Identifica as funcións das formas de participio dentro da oración, comparando exemplos do seu uso. ▪ CCL
- GR1B4.10.1. Recoñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio concertado e non concertado, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñece. ▪ CCL
- GR1B4.11.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua grega para realizar a análise e a tradución de textos sinxelos. ▪ CCL
- GR1B4.12.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e/ou en castelán. ▪ CCL
- GR1B5.1.1. Describe o marco histórico no que xorde e se desenvolve a civilización grega, sinalando distintos períodos dentro del e identificando en cada un as conexións máis importantes con outras civilizacións. ▪ CD  
▪ CSC  
▪ CCEC
- GR1B5.1.2. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando ou non fontes de información. ▪ CD  
▪ CMCCT

- GR1B5.1.3. Distingue as etapas da historia de Grecia, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.

▪ CCEC
  
- GR1B5.1.4. Sabe enmarcar determinados feitos históricos na civilización e no período histórico correspondente, pondoos en contexto e relacionándoos con outras circunstancias contemporáneas.

▪ CCEC
  
- GR1B5.2.1. Describe os principais sistemas políticos da antiga Grecia e compáraos entre eles, establecendo semellanzas e diferenzas, e cos actuais.

▪ CSC
- GR1B5.2.2. Describe a organización da sociedade grega, explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relaciona estes aspectos cos valores cívicos da época e compáraos cos actuais.

▪ CSC
  
- GR1B5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.

▪ CSC
  
- GR1B5.4.1. Identifica e describe formas de traballo e relacións cos coñecementos científicos e técnicos da época, explicando a súa influencia no progreso da cultura occidental.

▪ CMCCT  
▪ CSC  
▪ CSIEE
  
- GR1B5.4.2. Describe as principais formas de lecer da sociedade grega e analiza a súa finalidade, os grupos aos que van dirixidas e a súa función no desenvolvemento da identidade social.

▪ CSC
  
- GR1B5.5.1. Pode nomear coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, e sinalar os trazos que os caracterizan, os seus atributos e o seu ámbito de influencia.

▪ CCL  
▪ CCEC
  
- GR1B5.6.1. Identifica dentro do imaxinario mítico deuses, semideuses e heroes, e explica os principais aspectos que os diferencian.

▪ CCEC
  
- GR1B5.6.2. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, analizando a influencia da tradición clásica neste fenómeno e sinalando as semellanzas e as principais diferenzas entre ambos os tratamentos, asociándoas a outras características culturais propias de cada época.

▪ CCEC
  
- GR1B5.6.3. Recoñece referencias mitolóxicas directas ou indirectas en diferentes manifestacións artísticas, e describe, a través do uso que se fai destas, os aspectos básicos que en cada caso se asocian á tradición grecolatina.

▪ CCEC

- GR1B5.7.1. Enumera e explica as principais características da relixión grega, póndoas en relación con outros aspectos básicos da cultura helénica e establecendo comparacións con manifestacións relixiosas propias doutras culturas. ▪ CCEC
- GR1B5.8.1. Describe e analiza os aspectos relixiosos e culturais que sustentan os certames deportivos da antiga Grecia e a presenza ou ausencia destes nos seus correlatos actuais. ▪ CCEC
- GR1B6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos de dificultade graduada para efectuar correctamente a súa tradución. ▪ CCL
- GR1B6.2.1. Utiliza correctamente o dicionario para localizar o significado de palabras que entrañen dificultade, identificando entre varias acepcións o sentido máis axeitado para a tradución do texto ▪ CCL
- GR1B6.2.2. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global. ▪ CAA  
▪ CCL
- GR1B6.3.1. Traduce do grego ao galego e/ou ao castelán frases e textos sinxelos. ▪ CCL
- GR1B6.4.1. Utiliza os coñecementos adquiridos para facer comentarios dos textos. ▪ CAA  
▪ CCL
- GR1B6.5.1. Compara estruturas gregas coas da lingua propia, e establece semellanzas e diferenzas. ▪ CCL
- GR1B6.6.1. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes. ▪ CCL  
▪ CCEC
- GR1B6.7.1. Mantén un sinxelo diálogo en grego sobre a base dun tema previamente acordado. ▪ CCL
- GR1B6.8.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en grego sobre un tema proposto. ▪ CCL
- GR1B7.1.1. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir de palabras da súa propia lingua ou do contexto. ▪ CCL
- GR1B7.1.2. Identifica e explica as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos, e tradúceos á propia lingua. ▪ CCL

GR1B7.1.3. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinala e diferencia lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes. ▪ CCL

GR1B7.2.1. Descompón os formantes das palabras e recoñece o significado dos elementos de orixe grega. ▪ CCL

GR1B7.3.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e explica o seu significado remitíndose aos étimos gregos orixinais. ▪ CCL

GR1B7.3.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado das palabras de léxico común da lingua propia. ▪ CCL

GR1B7.5.1. Relaciona distintas palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. ▪ CCL

## **OBXECTIVOS**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral coma na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio natural e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

A materia de Grego contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- 1** Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando os coñecementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.
- 2** Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modernas.
- 3** Ler textos literarios, históricos e filosóficos, traducidos e orixinais, comprendendo a súa estrutura, o pensamento e a ideoloxía neles reflectidos cunha actitude crítica ante o mundo grego e o mundo en que viven.
- 4** Coñecer as máis importantes manifestacións culturais da Grecia antiga e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade ao longo da historia do mundo actual.

- 5 Utilizar de xeito crítico fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e cultura estudadas.

## CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

### Contidos

### Criterios de avaliación

B1.1. Marco xeográfico da lingua grega.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua grega.
B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	• • B1.2. Explicar a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo e coñecer os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas.
B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	• B1.3. Entender o concepto de familia lingüística e de indoeuropeo.
B1.2. Familias lingüísticas. O indoeuropeo.	• B1.4. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa hoxe en día.
B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	• B1.5. Coñecer as etapas da historia da lingua grega.
B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	• B1.6. Identificar exemplos de escritura micénica e alfabética.
B1.3. Historia da lingua grega: desde o micénico ata o grego moderno.	• B1.7. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual.
B1.4. Variedades dialectais.	• B1.8. Recoñecer a división dialectal da lingua grega e identificar a súa expansión xeográfica.
B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	• B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
B2.2. Orixes e evolución do alfabeto grego.	• B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto grego, a súa influencia e a súa relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade.



- B2.3. Caracteres do alfabeto grego.      · B2.3. Coñecer os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lelos coa pronuncia correcta.
- B2.4. Clasificación dos fonemas:      · B2.4. Recoñecer o cadro clasificatorio dos fonemas da pronuncia.      lingua grega xunto coa súa pronuncia.
- B2.5. Transcrición de termos dos      · B2.5. Coñecer e aplicar as normas de transcrición caracteres gregos.      para transcribir termos gregos ao abecedario galego e castelán.
- B2.6. Signos diacríticos e de      · B2.6. Coñecer os acentos, espíritos e demais signos puntuación.      diacríticos e de puntuación, o seu valor e a súa colocación.
- B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos      · B3.1. Coñecer o concepto de flexión lingüística de palabras: variables e invariables.
- B3.1. O grego, lingua flexiva. Tipos      · B3.2. Distinguir e clasificar as categorías de palabras de palabras: variables e invariables.      a partir do seu enunciado.
- B3.2. Formantes das palabras.      · B3.3. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.
- B3.3. Concepto de declinación:      · B3.4. Comprender o concepto de declinación/flexión. declinacións gregas. Enunciado e paradigmas.
- B3.4. Flexión nominal e pronominal.      · B3.5. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e analizar e traducir formas nominais e pronominais.
- B3.5. Sistema verbal grego. Verbos      · B3.6. Conxugar correctamente as formas verbais temáticos e aтемáticos.      estudadas, analizalas morfoloxicamente e traducilas.
- B3.6. Formas verbais persoais e non      · B3.7. Diferenciar entre formas persoais e non persoais.      persoais do verbo e recoñecer as categorías gramaticais presentes en cada unha delas.
- B4.1. Casos gregos.      · B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
- B4.1. Casos gregos.      · B4.2. Coñecer e identificar os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, e saber traducir

adecuadamente os casos á lingua materna.

- |  |  |
|--|--|
| B4.2. Concordancia.  | · B4.3. Coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) coma verbal (número e persoa).  |
| B4.3. Elementos da oración.                                | · B4.4. Recoñecer os elementos da oración: suxeito, predicado, atributo, complementos, etc.  |
| B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas. | · B4.5. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.   |
| B4.5. Oracións compostas.                                  | · B4.6. Distinguir as oracións simples das compostas.  |
| B4.6. Construcións de infinitivo.                          | · B4.7. Coñecer as funcións das formas de infinitivo nas oracións.   |
| B4.6. Construcións de infinitivo.                          | · B4.8. Identificar as construcións de infinitivo concertado e non concertado.   |
| B4.7. Construcións de participio.                          | · B4.9. Coñecer as funcións das formas de participio nas oracións.   |
| B4.7. Construcións de participio.                          | · B4.10. Identificar as construcións de participio concertado e non concertado.  |
| B4.8. Análise e tradución de frases e textos.              | · B4.11. Coñecer, comprender e utilizar os elementos morfolóxicos da lingua grega, e iniciarse na interpretación e na tradución de textos de dificultade progresiva. |
| B4.8. Análise e tradución de frases e textos.              | · B4.12. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua grega que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.                                     |
| B5.1. Períodos da historia de Grecia.                      | · B5.1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.                     |
| B5.2. Organización política e social de Grecia.            | · B5.2. Coñecer e comparar as principais formas de organización política e social da antiga Grecia.  |
| B5.3. A familia.   | · B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis   |

asignados aos seus membros.

- |   |   |
|---|---|
| B5.4. Traballo e lecer: oficios, ciencia e técnica. Festas e espectáculos.                      | · B5.4. Identificar as principais formas de traballo e de lecer da antigüidade.   |
| B5.5. Mitoloxía e relixión.   | · B5.5. Coñecer os principais deuses da mitoloxía.  |
| B5.5. Mitoloxía e relixión.   | · B5.6. Coñecer os deuses, os mitos e os heroes gregos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.  |
| B5.5. Mitoloxía e relixión.   | · B5.7. Coñecer e comparar as características da relixiosidade e relixión grega coas actuais.   |
| B5.5. Mitoloxía e relixión.   | · B5.8. Relacionar e establecer semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia clásica e as actuais.   |
| B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución.  | · B6.1. Coñecer e aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva. |
| B6.1. Iniciación ás técnicas de tradución.  | · B6.2. Utilizar con corrección manuais e dicionarios, e recoñecer e analizar toda a información que proporcionan.  |
| B6.2. Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos.                            | · B6.3. Coñecer e aplicar os coñecementos adquiridos para a retroversión de frases ou textos de dificultade progresiva.   |
| B6.2. Iniciación ás técnicas de retroversión e comentario de textos.                            | · B6.4. Comentar desde o punto de vista lingüístico e literario os textos propostos.  |
| B6.3. Análise morfolóxica e sintáctica. Comparación de estruturas gregas coas da lingua propia. | · B6.5. Comparar as estruturas gregas coas da lingua propia, e establecer semellanzas e diferenzas.   |
| B6.4. Lectura comprensiva de textos traducidos.   | · B6.6. Realizar, a través dunha lectura comprensiva, análise e comentario do contido e da estrutura de textos gregos orixinais, adaptados ou traducidos.   |
| B6.5. Lectura comparada e comentario de textos en lingua grega e na lingua propia.              | · B6.7. Realizar pequenos coloquios en grego con frases sinxelas e de dificultade progresiva.   |

- B6.6. Produción de textos propios breves en lingua grega. · B6.8. Redactar pequenos textos en lingua grega de produción propia.
- B7.1. Vocabulario básico grego: léxico de uso frecuente e principais prefixos e sufixos. · B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego: as palabras de maior frecuencia e os principais prefixos e sufixos.
- B7.2. Descomposición de palabras nos seus formantes. · B7.2. Descompor unha palabra nos seus formantes, e coñecer o seu significado en grego para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.
- B7.3. Helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e o seu mantemento: termos patrimoniais, cultismos e neoloxismos. · B7.3. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e remontalos aos étimos gregos orixinais.
- B7.4. Identificación de lexemas, sufixos e prefixos helénicos usados na lingua propia. · B7.4. Identificar e coñecer os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego (derivación e composición) para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.
- B7.5. Familias etimolóxicas e semánticas. · B7.5. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.

## ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Temporalización.

Procedementos e instrumentos de avaliación

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Temporalización</b>	<b>Procedementos e instrumentos de avaliación</b>
GR1B1.1.1. Localiza nun mapa o	Semana 14-18	Observación sistemática por parte da profesora.

marco xeográfico en que ten lugar o nacemento da lingua grega e a súa expansión.	setembro		Análise da produción do alumnado. Probas escritas
GR1B1.2.1. Explica a orixe da lingua grega e a relación coas outras linguas da familia indoeuropea.	Semana setembro	21-25	Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado Probas escritas
GR1B1.2.2. Enumera e localiza nun mapa as principais ramas da familia das linguas indoeuropeas.	Semana setembro	21-25	Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado Probas escritas
GR1B1.3.1. Explica o concepto de familia lingüística.	Semana 28-1 outubro		Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado Probas escritas
GR1B1.3.2. Define o concepto de indoeuropeo e explica o proceso de creación do termo.	Semana 28-1 outubro		Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado Probas escritas
GR1B1.4.1. Establece a filiación das linguas de Europa delimitando nun mapa a zona de orixe e zonas de expansión.	Semana 28-1 outubro		Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado Probas escritas Traballos de investigación
GR1B1.5.1. Coñece as etapas da evolución da lingua grega, desde o micénico ata o grego moderno.	Semana 28-1 outubro		Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado

GR1B1.6.1. Identifica a escritura Lineal B como un silabario, e a evolución dos caracteres do alfabeto.	Semana 5-9 outubro		Probas escritas Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado Probas escritas Traballos de investigación Intercambios orais co alumnado
GR1B1.7.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	Semana outubro	12-16	Probas escritas  Intercambios orais co alumnado
GR1B1.8.1. Sitúa nun mapa as diversas variedades dialectais da lingua grega.	Semana outubro	19-23	Probas escritas
GR1B2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura segundo a súa orixe e tipoloxía e describindo os trazos que distinguen uns doutros.	Semana setembro Todo o curso	21-25	Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado
GR1B2.2.1. Explica a orixe do alfabeto grego e describe a evolución dos seus signos a partir da adaptación dos signos do alfabeto fenicio.	Semana outubro Todo o curso	26-30	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Intercambios orais co alumnado</li> <li>• Probas escritas</li> <li>• Traballos de investigación</li> </ul>
• GR1B2.2.2. Explica a orixe e a evolución dos sistemas de escritura de diferentes linguas, partindo do alfabeto grego, e sinala as adaptacións que se producen en cada unha delas.	Semana setembro	21-25	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Intercambios orais co alumnado</li> <li>• Probas escritas</li> </ul>
GR1B2.3.1. Identifica e nomea correctamente os caracteres que forman o alfabeto grego, na súa forma minúscula e maiúscula, e escríbeos e leos correctamente.	Semana setembro Todo o curso	14-18	Observación sistemática por parte da profesora Análise da produción do alumnado Intercambios orais co alumnado Probas escritas
	8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
	9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.		
	11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados os estudantes e os pais.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>PLANIFICACIÓN</b>	1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		

	3. Selecciona e secuencian de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.		
	4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.		

	<b>INDICADORES</b>	<b>VALORACIÓN</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA</b>
<b>MOTIVACIÓN DO ALUMNADO</b>	1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).		
	3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		
	4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.		
	5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.		
	6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.		
	7. Promove a reflexión dos temas tratados.		



## Rúbricas para o alumnado

MATERIA:		
	Si	Non
Preparei con antelación o material necesario para a clase (caderno, estoxo, axenda, libro...)?		
Levei o material necesario á sesión?		
Tomei nota na axenda das actividades e os traballos pendentes e das datas importantes (exames, entrega de traballos, presentacións, autorizacións, excursións...)?		
Organicei o tempo que é necesario dedicarlle a cada tarefa e materia, tanto na aula coma na casa?		
Ordenei e clasifiquei os apuntamentos, as notas e as actividades da materia?		
Cumprín o plan de traballo que me propuxera seguir?		
Comprobei que cumprín con todas as miñas obrigas pendentes (actividades, traballos, estudo, preparación...)?		
Fun autónomo/a á hora de traballar na clase e na casa?		

## Rexistro do traballo diario

	SI	NON
Planifiquei previamente a realización do traballo diario, e cumprino, completando as actividades e as tarefas encomendadas.		
Indiquei a data, o tema ao que corresponde e o enunciado da actividade (ou onde encontralo).		
Fun ordenado e limpo na redacción das actividades.		
Realicei un desenvolvemento lóxico, ordenado e completo da resolución das tarefas encomendadas.		
Plasmei de forma clara e concisa a formulación e o desenvolvemento das actividades.		
Engadín unha conclusión e/ou reflexión ao finalizar o traballo diario.		
Comprobei e corrixín as actividades, seguindo as explicacións dos meus compañeiros e compañeiras e do profesor ou profesora. Unha vez na casa, repasei os erros cometidos, e, en caso necesario, volvíñ realizar as devanditas actividades.		
Entreguei as actividades en tempo e forma, cumprindo cos requisitos establecidos para a súa elaboración.		

Realicei tarefas orixinais e creativas, empregando material alternativo e/ou complementario por iniciativa propia.		
Fun autónomo na realización do traballo diario, primando a aprendizaxe persoal sobre a realización completa das actividades (é preferible facer unha parte soa, que todo con axuda).		

## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

1. O departamento proporcionaralle cadernos de traballo ao alumnado con calquera das materias pendentes
2. O departamento ponse á disposición do alumnado para resolverlle as dúbidas que o caderno suscite.
3. A progresividade da materia de grego favorece a atención ao alumnado coa materia pendente.
4. O alumnado deberá entregar o caderno nas datas que o departamento determine e ás que se lles dará a oportuna publicidade.
5. Nas datas que se determinen realizarase unha proba final da materia pendente.
6. En caso de estar o alumno cursando o segundo curso da materia de bacharelato que ten pendente e, sendo esta chave, a superación da materia de segundo dará a materia de primeiro por superada.

Neste curso 2021-22 non hai alumnos con esta materia pendente.

## **PROCEDEMENTOS, RECUPERACIÓN, E AVALIACIÓN PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DE BACHARELATO**

Seguirase a lexislación vixente é o mesmo procedemento exposto para materias pendentes.

## **AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE HAI QUE ADOPTAR SEGUNDO OS RESULTADOS**

O proceso de avaliación inicial esixe que se atenda máis aos posibles recursos e capacidades do alumnado que ás posibles deficiencias que presenten, aínda que sen esquecer estas. Parece ser máis produtivo analizar as expectativas e intereses, as potencialidades que ten o alumnado co fin de proporcionarlles unha educación adaptada a eles que simplemente "constatar o baixo nivel que posúen".

Desde este suposto o primeiro que convén explorar e coñecer son as actitudes do alumnado fronte á materia, e en xeral aos grandes temas que poden tratarse desde un punto de vista interdisciplinar. O coñecemento destas actitudes proporcionará datos valiosos para organizar unhas actividades que fomenten a "motivación por aprender".

En segundo lugar, interesa coñecer as capacidades do alumnado en relación cos procedementos. Interesará coñecer o desenvolvemento de capacidades xerais (lectura, escritura, identificación, análise, ...) xa que teñen unha influencia na súa capacidade de progresar na materia. Ademais, debe tratar de coñecerse o grao de dominio dos procedementos básicos da materia que caben ser considerados como prerrequisitos na área; isto permitirá iniciar algunhas medidas de reforzo en caso necesario.

Ademais, convén indagar acerca dos graos de dominio en relación cos conceptos que son necesarios para o progreso na materia. Neste caso interesa observar non só a adquisición ou non de determinados conceptos relacionados coas nosas materias, senón os procesos seguidos polo alumnado que o levaron a concepcións erróneas. As capacidades que poderían explorarse neste caso poden ser: identificación, selección, interrelación, definición e aplicación á resolución de problemas.

Os instrumentos para recoller a información relevante para a avaliación inicial non teñen que basearse necesariamente en probas escritas. Este tipo de probas poden ser adecuada para determinados procedementos e algúns contidos conceptuais, pero non con carácter xeral; entre as súas vantaxes destaca que se dispón dun material escrito, individualizado e sempre revisable.

Como complemento á proba escrita traballaremos en grupos de debate, en técnicas en pequeno grupo, etc, o que nos indicará as tendencias xerais do grupo de alumnas e alumnos. A observación do alumnado e a súa anotación nun rexistro daranos información individualizada.

Outro instrumento que pode utilizarse é a entrevista, que pode realizarse de modo formal ou informal, ou simplemente mediante preguntas na clase. Intentaremos detectar pronto problemas e dificultades de aprendizaxe nalgunhas alumnas e alumnos.

Unha parte importante da información pode obterse da autoavaliación de alumnos e alumnas ou mediante actividades ou exercicios que impliquen un alto grao de valoración por parte do alumnado

## **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

O departamento distingue niveis de dificultade nos contidos e nas actividades para cubrir as diversas necesidades educativas do alumnado. Así mesmo, contempla cambios na secuenciación e na temporalización para adaptarse á diversidade. Crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender. Promoverase a participación do alumnado en pequenos traballos de investigación, coa orientación precisa para que poida acadar a capacidade de realizar un proxecto de investigación escolar de forma autónoma atendendo ás diferentes capacidades de cadaquén. O departamento, nas diferentes materias, proporalle ao alumnado actividades especialmente deseñadas para atender á diversidade do alumnado. Promoverase a titoría entre iguais e o traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

## **CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

**Na materia de Grego traballaremos a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.**

Traballarase na prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

### **Comprensión lectora, expresión oral e escrita e comunicación audiovisual**

Este elemento transversal inscríbese nun marco de actitudes e valores que o individuo pon en funcionamento: o respecto ás normas de convivencia; o exercicio activo da cidadanía; o desenvolvemento dun espírito crítico; o respecto aos dereitos humanos e o pluralismo; a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos; unha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara á aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia (lectura, conversación, escritura, etcétera) como fontes de pracer relacionada co goce persoal e cuxa promoción e práctica son tarefas esenciais no reforzo da motivación cara á aprendizaxe.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

O compoñente pragmático-discursivo contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

O compoñente estratéxico permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversación, coma destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente. Este elemento transversal inclúe un compoñente persoal que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

A aprendizaxe do Grego contribúe á adquisición e traballo desta elemento transversal coa lectura e comprensión de fontes escritas, coa elaboración e análise de textos, coas exposicións orais sobre diversos temas, coa utilización dun vocabulario moi amplo ao ter que manexar termos que proveñen do grego e do latín principalmente. Ademais, o alumno poderá afondar na comprensión da propia lingua e no uso desta como elemento esencial para a comunicación e para a adquisición de coñecementos.

## **Tecnoloxías da información e da comunicación**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital.

Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de descodificación e transferencia. Isto implica o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten as persoas no mundo dixital.

Para o adecuado desenvolvemento deste elemento transversal resulta necesario abordar:

A información: isto supón a comprensión de como se xestiona a información e de como se pon á disposición dos usuarios, así como o coñecemento e manexo de diferentes motores de procura e bases de datos, sabendo elixir aqueles que responden mellor ás propias necesidades de información.

Igualmente, supón saber analizar e interpretar a información que se obtén, cotexar e avaliar o contido dos medios de comunicación en función da súa validez, fiabilidade e adecuación entre as fontes, tanto en liña como offline. E para rematar, a competencia dixital supón saber transformar a información en coñecemento a través da selección apropiada de diferentes opcións de almacenaxe.

A comunicación: supón tomar conciencia dos diferentes medios de comunicación dixital e de varios paquetes de software de comunicación e do seu funcionamento así como os seus beneficios e carencias en función do contexto e dos destinatarios. Ao mesmo tempo, implica saber que recursos poden compartirse publicamente e o valor que teñen, é dicir, coñecer de que xeito as tecnoloxías e os medios de comunicación poden permitir diferentes formas de participación e colaboración para a creación de contidos que produzan un beneficio común. Iso supón o coñecemento de cuestións éticas como a identidade dixital e as normas de interacción dixital.

A creación de contidos: implica saber como os contidos dixitais poden realizarse en diversos formatos (texto, audio, vídeo, imaxes) así como identificar programas e aplicacións que mellor se adaptan ao tipo de contido que se quere crear. Supón tamén a contribución ao coñecemento de dominio público (wikis, foros públicos, revistas), tendo en conta as normativas sobre os dereitos de autor e as licenzas de uso e publicación da información.

A seguridade: implica coñecer os distintos riscos asociados ao uso das tecnoloxías e de recursos en liña e as estratexias actuais para evitalos, o que supón identificar os comportamentos adecuados no ámbito dixital para protexer a información, propia e doutras persoas, así como coñecer os aspectos aditivos das tecnoloxías.

A resolución de problemas: esta dimensión supón coñecer a composición dos dispositivos dixitais, os seus potenciais e limitacións en relación coa consecución de metas persoais, así como saber onde buscar axuda para a resolución de problemas teóricos e técnicos, o que implica unha combinación heteroxénea e ben equilibrada das tecnoloxías dixitais e non dixitais máis importantes nesta área de coñecemento.

A aprendizaxe do Grego supón o traballo con este elemento transversal posto que a súa dimensión histórica e cultural favorece que o alumnado utilice as novas tecnoloxías para seleccionar de forma adecuada diversas fontes de información, analízalas e interpretalas, valorar a súa validez e fiabilidade e traballar de xeito colaborador sobre os materiais seleccionados. Ademais, tamén fomenta a presentación de traballos en soporte dixital e favorece o desenvolvemento das habilidades necesarias para a súa exposición de forma autónoma que lles permita chegar a conclusións novas e resolver situacións de forma orixinal, sentíndose autores e protagonistas dos resultados e conclusións obtidos.

Acción que se vai realizar:

- ▶ Empregar varias fontes para a busca de información.
- ▶ Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- ▶ Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- ▶ Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- ▶ Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- ▶ Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

## **Emprendemento**

O elemento transversal do emprendemento implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación na que se vai intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Neste elemento transversal inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais. Tamén inclúe aspectos de maior amplitude que proporcionan o contexto no que as persoas viven e traballan, tales como a comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e as organizacións sindicais e empresariais, así como as económicas e financeiras; a organización e os procesos empresariais; o deseño e a implementación dun plan (a xestión de recursos humanos e/ou financeiros); así como

a postura ética das organizacións e o coñecemento de como estas poden ser un impulso positivo, por exemplo, mediante o comercio xusto e as empresas sociais.

Así mesmo, esta competencia require das seguintes destrezas ou habilidades esenciais: capacidade de análise; capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente coma dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e autoavaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustificado (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco).

Finalmente, require o desenvolvemento de actitudes e valores como: a predisposición a actuar dunha forma creadora e imaxinativa; o autoconñecemento e a autoestima; a autonomía ou independencia, o interese e esforzo e o espírito emprendedor. Caracterízase pola iniciativa, a creatividade e a innovación, tanto na vida privada e social coma na profesional. Tamén está relacionada coa motivación e a determinación á hora de cumprir os obxectivos, xa sexan persoais ou establecidos en común con outros, incluído o ámbito laboral.

Así pois, para o adecuado desenvolvemento da competencia, sentido da iniciativa e espírito emprendedor resulta necesario abordar: A capacidade creadora e de innovación: creatividade e imaxinación; autoconñecemento e autoestima; autonomía e independencia; interese e esforzo; espírito emprendedor; iniciativa e innovación.

A capacidade proactiva para xestionar proxectos: capacidade de análise; planificación, organización, xestión e toma de decisións; resolución de problemas; habilidade para traballar tanto individualmente coma de xeito colaborativo dentro dun equipo; sentido da responsabilidade; avaliación e autoavaliación.

A capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza: comprensión e asunción de riscos; capacidade para xestionar o risco e manexar a incerteza.

As calidades de liderado e traballo individual e en equipo: capacidade de liderado e delegación; capacidade para traballar individualmente e en equipo; capacidade de representación e negociación. O sentido crítico e a responsabilidade.

A materia de Cultura clásica, Latín e Grego contribúen a fomentar a autonomía e iniciativa persoal e o espírito emprendedor na medida en que se utilizan procedementos que esixen planificar, avaliar distintas posibilidades e tomar decisións. A exposición de traballos individuais ou en grupo e a realización de debates implican valorar as achegas doutros compañeiros, aceptar posibles erros, e non se render ante as dificultades. En definitiva, achega posibilidades de mellora e fomenta o afán de superación.

Accións que se van realizar:



- ▶ Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- ▶ Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- ▶ Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- ▶ Darlle prioridade á consecución de obxectivos de grupo fronte a intereses persoais.
- ▶ Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- ▶ Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- ▶ Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

## **Educación cívica e constitucional**

Este elemento transversal implica a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos consonte normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social. Trátase, polo tanto, de axuntar o interese por profundar e garantir a participación no funcionamento democrático da sociedade, tanto no ámbito público coma privado, e preparar as persoas para exercer a cidadanía democrática e participar plenamente na vida cívica e social grazas ao coñecemento de conceptos e estruturas sociais e políticas e ao compromiso de participación activa e democrática.

Para poder participar plenamente nos ámbitos social e interpersonal é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de xeito crítico os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas, así como as súas tensións e procesos de cambio. A mesma importancia ten coñecer os conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, a igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, a sociedade e a cultura. Así mesmo, é esencial comprender as dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas e percibir as identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante en interacción coa europea, nun contexto de crecente globalización.

Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de comunicarse dun xeito construtivo en distintas contornas sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. As persoas deben ser capaces de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de xeito construtivo.

O estudo da Cultura clásica, do Latín e do Grego desenvolve no alumnado actitudes de cidadáns activos e comprometidos mediante a comprensión do noso pasado, o estudo da configuración social e política, os acontecementos máis destacados da súa historia, o seu concepto de ocio e de traballo e a influencia que todo iso tivo na configuración da sociedade actual en todas as súas dimensións. A tolerancia, a capacidade de respectar as diferenzas e o diálogo como base dos acordos son algunhas das destrezas que o alumnado tamén adquire grazas ao papel mediador de Grecia e de Roma.

Accións que se van realizar:

- ▶ Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- ▶ Recoñecer a riqueza que supón a diversidade de opinións e ideas.
- ▶ Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- ▶ Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- ▶ Respectar os distintos ritmos e potencialidades.
- ▶ Involucrarse ou promover accións cun fin social.

## **ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES**

Dado que o curso pasado, debido ás circunstancias por todos coñecidas, non puidemos realizar ningunha das actividades programadas, agardamos poder levar a cabo algunha das distintas previstas, das que se seleccionaría só un par, pensadas para a súa realización en función das preferencias, intereses do alumnado e das posibilidades organizativas coas que contemos.

- Museo de Pontevedra - Castro e museo de Santa Tegra - Baiona.
- Visita á cidade de Lugo: museo, casa dos mosaicos, murallas... Castro e museo de Viladonga.
- As Médulas - Canóns do Sil (ponte Bibe e monte Furado).
- Saídas ao teatro. Temos previsto asistir un día ao festival de teatro grecolatino de Lugo. Dependendo das datas de celebración poderán acudir ou non as alumnas/os de 2º de bacharelato.
- Este ano intentaremos acudir un día ao Arde Lucus en Lugo, dado que o curso

pasado non nos foi posible. Esta actividade estará condicionada ás datas de celebración, esperamos que non coincidan cos exames finais de curso.

- Deixamos aberta a posibilidade de realizar outras actividades extraescolares en función dos programas e oportunidades que xurdan ao longo do presente curso. Non descartamos a posibilidade de organizar con outro centro, e na medida en que suscite o interese do noso alumnado, unha viaxe didáctica e cultural a calquera punto de España (Sagunto) ou Europa (Atenas, Roma, Londres) que permita profundar no coñecemento do mundo clásica e da súa pervivencia na actualidade.

Estas actividades levarase a cabo no 2º ou no 3º trimestre.

## **CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR**

A materia de grego ofrece moitas posibilidades para achegar o alumnado a lecturas moi diversas, por abarcar unha temática que se pode vincular con case todos os aspectos da cultura occidental, ben sexa a través da lingua ou dos múltiples temas culturais incluídos no currículo dos distintos niveis.

Continuarase coas actividades programadas de lecturas seleccionadas recomendadas para o alumnado, así como coa lectura e comentario na aula de textos clásicos e actuais de distinta índole e en distintos soportes para ilustrar ou completar o contido dos temas do currículo desta materia contribuindo a mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita.

Hai na biblioteca do centro unha ampla e variada bibliografía relacionada coa cultura clásica, adquirida maioritariamente cos orzamentos asignados anualmente aos departamentos de clásicas, ao concibir a lectura non só como parte da aprendizaxe, senón tamén como fonte de entretemento e pracer.

## **CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC**

O obxectivo básico consiste en que o alumnado acade unha certa competencia dixital definida nas seguintes capacidades:

Dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información axeitadamente

Ser capaz de transformar esa información en coñecemento.

As habilidades que se van adquirir son:

- Acceso pertinente á información
- Tratamento axeitado da información
- Transmisión desa información en distintos soportes
- Utilización das TIC como elemento para informarse, aprender e comunicarse

Debido a que neste curso, o primeiro que o departamento de latín imparte a materia de grego, se utilizará un libro de texto de forma experimental, o acceso á información a través de internet converterase nun recurso moi importante e complementario ao material que recompilará a profesora. Polo tanto, será un medio presente en practicamente todas as sesións.

A prolífica produción que nos proporciona internet sobre os aspectos lingüísticos abordados nesta materia, pero especialmente os culturais, fai imprescindible a súa utilización, tanto no labor docente coma na consulta e na confección de traballos individuais ou en grupo por parte do alumnado.

Polo tanto esta materia contribúe ao tratamento da información e á competencia dixital, posto que é constante o manexo e selección de información a través de soportes electrónicos.

## **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Se hai un departamento que contribúa á convivencia do centro sen dúbida é o de latín, en todos estes anos, e xa son moitos, a relación entre si e coa profesora dos alumnos que escollen esta materia foi sempre e segue sendo inmejorable. Esperamos que esta sintonía se estenda tamén á práctica docente desta nova materia para o departamento de latín.

Por outra parte a colaboración do departamento será plena en todas aquelas medidas que os distintos membros da comunidade educativa adopten para favorecer e mellorar a convivencia no centro.

## **PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN**

A elaboración e entrega da programación anual de cada departamento no mes de setembro fai que inevitablemente esta teña que ser adaptada e se vexa sometida a unha constante revisión, posto que son os alumnos os que, necesariamente, coas súas características tanto individuais coma de grupo, así como o seu ritmo de aprendizaxe marcan, en parte, os contidos e a secuenciación dos mesmos.

Realizarase unha avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, que estará baseada no principio de acción e reflexión sobre a propia práctica educativa e que

introducirá tantos cambios como sexan necesarios non só na práctica docente senón tamén no que atinxe á programación.

Imos utilizar unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS QUE SE VAN AVALIAR	DESTACAR...	MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización dos estándares de aprendizaxe			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

### **DOCENCIA SEMIPRESENCIAL OU TELEMÁTICA: metodoloxía e avaliación.**

No suposto de que, debido á crise que estamos vivindo por mor do coronavirus, se tivese que desenvolver a docencia de forma semipresencial ou telematicamente, a docencia centrarase nos contidos considerados mínimos e imprescindibles para a continuidade do futuro proceso formativo do alumnado. Utilizaranse como ferramentas a aula virtual, o correo electrónico e a plataforma Cisco Webex facilitada pola

Consellería de Educación, que agardamos fose mellorada con respecto ao curso pasado, debido aos seus frecuentes fallos.

As sesións de docencia por videoconferencia manteranse no horario específico de cada grupo, acordando o profesorado co alumnado as sesións que se celebrarán e cales se dedicarán a traballo autónomo do alumnado. Respetarase escrupulosamente o horario da materia para non interferir no horario doutras materias.

Durante as horas de docencia por videoconferencia o alumnado, sempre que sexa posible, buscará un espazo onde traballar que non invada a intimidade do seu fogar e activará, se dispón dela, a cámara se o profesorado llo solicita co fin de poder facer un seguimento do seu traballo/atención durante ese tempo de docencia.

Se en calquera momento se detectara que algún alumno/a non dispón dos medios necesarios para seguir o ensino de forma telemática, inmediatamente se poñerá en coñecemento do equipo directivo para que, mediante as xestións oportunas, obteña e lle proporcione os recursos imprescindibles que garantan que o alumnado afectado poida seguir con normalidade o proceso de formación a través da docencia telemática.

Respecto á avaliación, se a docencia é semipresencial, as probas realizaranse de forma presencial os días que as alumnas/os acudan ao centro, estas serán o instrumento principal de avaliación por considerar que é o único instrumento que pode garantir a igualdade de condicións á hora da súa execución e evitar a desigualdade do apoio que as familias lles poden prestar aos estudantes nas tarefas que desenvolven de forma non presencial. Das actividades que o alumnado teña que realizar na súa casa por non poder acudir ao centro valorarase a correcta selección da información, o estrito cumprimento dos prazos de entrega, o seu aproveitamento, a boa presentación e a realización de acordo coas instrucións dadas. Non se valoraran aquelas tarefas que sexan un mero exercicio de copia e pega, onde non se observe un traballo de selección da información e elaboración propia.

Se non se puidesen realizar probas presenciais, e tendo en conta a dificultade de garantir que calquera proba telemática colectiva que se propoña sexa realizada exclusivamente polo alumnado sen contar con axuda externa, o que suporía unha grave discriminación para o alumnado que polas súas circunstancias familiares non

podería contar con ese apoio, a avaliación levarase a cabo a través de probas telemáticas que, tendo en conta o número de alumnas/os, intentarase que sexan individuais e orais, se se poden celebrar desta maneira, estas probas converteranse no principal instrumento de avaliación.

As actividades, tarefas e traballos encomendados que se desenvolvan na casa valoraranse de acordo co seu aproveitamento, a correcta selección da información, a coidada presentación, o estrito cumprimento dos prazos de entrega, e a realización de acordo coas instrucións dadas. Non se valoraran aquelas tarefas que sexan un mero exercicio de copia e pega, onde non se observe un traballo de selección da información e elaboración propia.

Respecto ás tarefas que se plantexen na aula virtual, seguirase o seguinte procedemento:

a) Aviso das tarefas: cada vez que o profesorado cree una nova tarefa para o alumnado, avisarao mediante o foro de comunicación do grupo de alumnado implicado.

b) Recursos para a realización das tarefas: os recursos e materias necesarios para a realización das tarefas publicaranse no curso correspondente da aula virtual.

c) Entrega e devolución das tarefas: especificarase a data e hora de entrega das tarefas e as condicións nas que estas deben ser entregadas.

d) Características das tarefas: na medida do posible evitarase propoñer tarefas para entregar/devolver no mesmo día ou nun período de tempo moi curto e privilexíarase a entrega de tarefas cun prazo de varios días para favorecer así que o alumnado organice a súa axenda e o traballo semanal.

## **ÍNDICE**

### **GREGO 1º BACHARELATO**

●	Introdución e contextualización.	Páx. 2
●	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	Páx. 3
●	Obxectivos.	Páx. 13
●	Contidos e criterios de avaliación.	Páx. 15
●	Estándares de aprendizaxe avaliable: temporalización, procedementos e instrumentos	

◆ de avaliación	Pax. 20
◆ Grao mínimo de consecución para superar a materia.	Páx. 30
◆ Metodoloxía	Páx. 37
◆ Materiais e recursos didácticos	Páx. 38
◆ Criterios de cualificación	Páx. 39

## **GREGO 2º BACHARELATO**

◆ Introducción	Páx. 40
◆ Obxectivos da etapa de bacharelato (currículo LOMCE)	Páx. 41
◆ Obxectivos por curso	Páx. 42
◆ Criterios de avaliación (relacionados cos estándares de aprendizaxe e competencias básicas)	Páx. 43
◆ Grao mínimo de consecución para superar a materia	Páx. 46
◆ Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe	Páx. 48
◆ Metodoloxía	Páx. 51
◆ Procedementos e instrumentos de avaliación	Páx. 52
◆ Criterios de cualificación	Páx. 52

## **COMÚNS ÁS MATERIAS**

◆ Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.	Páx. 53
◆ Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.	Páx. 56
◆ Organización dos precedementos que lle permiten ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.	Páx. 57
◆ Deseño da avaliación e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.	Páx. 57
◆ Medidas de atención á diversidade.	Páx. 58
◆ Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.	Páx. 58
◆ Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.	Páx. 64
◆ Contribución ao plan lector.	Páx. 65
◆ Contribución ao plan TIC.	Páx. 65
◆ Contribución ao plan de convivencia.	Páx. 67
◆ Procedemento para avaliar a propia programación	Páx. 67
◆ Docencia semipresencial ou telemática: metodoloxía e avaliación.	Páx. 69



santiago, 15 de setembro de 2021

Asdo.: Susana Fernández Rodríguez  
Xefa do departamento de Grego